


# PEREGRINACIÓN A TERRA SANTA

**1 - 11 XULLO 2016**



**ORGANIZA:**

**PARROQUIA SAN FRANCISCO JAVIER DE  
LUGO**

**Día 1 / 01 xullo Lugo - Tel Aviv**

Saída de Lugo en autocar con destino a Madrid. Chegada a Terra Santa. Asistencia e traslado en autobús a Tel Aviv.

**Día 2 / 02 xullo Tel Aviv - Haifa - Tiberiades**

Percorreremos Iafó (Joppe), antigo porto de Israel, para visitar a igrexa de San Pedro. Visión panorámica de Tel Aviv. Pola estrada da costa chegaremos a Cesárea Marítima: veremos as ruínas desta antiga cidade romana onde se encontra o anfiteatro, o porto desde onde saíron os discípulos a evanxelizar polo mundo, a fortaleza cruzada e o acueducto. Continuaremos a Haifa, situada no cume do Monte Carmelo lugar onde se

desenvolveu o desafío do profeta Elías. Continuaremos cara ao Monte Tabor situado no interior da Galilea. Ascenderemos ao seu cume para visitar a igrexa da Transfiguración e gozar da magnífica vista panorámica. Continuación a Galilea. Chegada a Tiberíades.

### **Día 3 / 03 xullo Tiberíades - Nazaret**

Comezaremos no río Xordán, sitio bautismal. Na mañá faremos unha travesía en barco polo mar de Galilea. Chegaremos a Cafarnaum onde os restos da antiga sinagoga. A Casa de Pedro. Tabgha, fermoso lugar que conmemora o milagre da multiplicación dos pans e os peixes. Primado de Pedro, lugar encantador na beira do lago que evoca a confirmación de Pedro e a pesca milagrosa. Monte das Benaventuranzas, coa súa capeliña que lembra o Sermón da Montaña. Saída cara a Nazaret, onde se desenvolveu a infancia e a mocidade de Xesús. Basilica da Anunciación e Fonte de María. Visitaremos Caná de Galilea, onde foi o primeiro milagre de Xesús, nas vodas de Caná.

### **Día 4 / 04 xullo Tiberíades - Jerash - Monte Nebo - Madaba - Petra**

Saída cara á fronteira israelí - xordana (ponte do Sheik Husseín), cruzamento do mesmo. Recepción do guía polo lado xordano e continuación cara a Jerash para visitar os restos ben conservados desta cidade grecorromana coas súas avenidas, teatros, termas e igrexas bizantinas.

Pola tarde visita ao Monte Nebo, Madaba, cos seus mosaicos bizantinos. Na igrexa greco-ortodoxa de St. George admirábase un dos antigos mapas da Terra Santa. Kerak, fortaleza do século XII. Polo Camiño Real, usado durante máis de 5000 anos, chegamos a Petra. Cea e aloxamento.

### **Día 5 / 05 xullo Petra - Mar Morto**

Faremos un percorrido por Petra, imponente capital nabatea excavada en abruptas ladeiras rosas. Na antigüidade aquí controlábanse as rutas comerciais de especias e incienso, desde China, India e o sur de Arabia cara a Grecia, Roma e o mundo mediterráneo. Visitaremos o tesouro e o teatro Romano. De Petra dirixímonos cara á fronteira con Israel. Traslado ao Mar Morto. Cea e aloxamento.

### **Día 6 / 06 xullo Mar Morto - Masada - Xericó - Qumram - Xerusalén**

Tempo libre para gozar das especiais augas do mar Morto, rico en minerais. Visitaremos Masada, último baluarte dos xudeus na súa loita contra a ocupación romana. Qumran, berce dos escenios e Xericó, a cidade máis antiga do mundo. Monte das Tentacións.

Pola tarde, a través do deserto de Xudea, pasamos pola Pousada do Bo Samaritano e a Tumba de Lázaro. Chegada á Cidade Santa: Xerusalén. Oración de benvida. Cea.

### **Día 7 / 07 xullo Xerusalén**

Comezando desde o cume do monte das Oliveiras, que ofrece a mellor vista da Cidade Santa e está moi relacionada cos últimos anos da vida de Xesús, visitaremos o lugar da Ascensión e a gruta do Pater Noster. Descenderemos polo monte ata Dominus Flevit, veremos o lugar onde o Señor chorou por Xerusalén e continuando o descenso chegaremos ao horto de Xetsemaní, a basílica da Agonía, a gruta do Prendemento e a tumba da Virxe. A continuación visitaremos algúns dos lugares santos do monte Sión: a tumba do rei David, o Cenáculo, lugar de última cea de Xesús, a basílica da Dormición e San Pedro en Gallicantu, onde Pedro negou tres veces ao seu mestre antes de que o galo cantase. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

### **Día 8 / 08 xullo Xerusalén - Belén**

Pola mañá partiremos con destino a Belén. Aquí veremos o Berce de Xesús, a gruta do Nacemento e a basílica da Natividade. Fóra da cidade, visitaremos o entrañable Campo dos Pastores. Veremos unha típica tenda de artesanía Bethlemita xantar e vista a Heradion. Pola tarde, Ein Karern. Lugar do nacemento de Xoán o Bautista, e onde se atopou a Virxe María coa súa curmá, Santa Isabel. Veremos a maqueta de Xerusalén da época de Herodes, e contemporánea a Xesús. Aloxamento e cea.

### **Día 9 / 09 xullo Xerusalén**

Almorzo. A primeira hora da mañá visitaremos a Explanada do Templo e o muro Occidental ou das Lamentacións. Percorreremos a Cidade Santa, a igrexa de Santa Ana, lugar do nacemento da Virxe María e a Piscina Probática ou de Bethesda, lugar onde contan os Evanxeos que o Anxo batía as augas e os enfermos curaban ao lanzarse a elas. Seguiremos as pasos de Xesús na súa paixón pola Vía Dolorosa, Lithostrotos, o Calvario e o Santo Sepulcro.

Pola tarde, tendas e restaurantes do Centro comercial Mamila, un belo contraste entre a modernidade e o maxestuoso pasado da cidade Santa. Regreso ao hotel.

### **Día 10 / 10 xullo Xerusalén**

Visita ao Museo do Holocausto; pasaremos pola Knesett (Parlamento Israelí). Posteriormente visitaremos Betania. Tempo libre, cea de despedida e aloxamento.

### **Día 11 / 11 xullo Xerusalén - Tel Aviv - Lugo**

Almorzo e traslado ao aeroporto de Ben Gurion -Tel Aviv para embarcar no voo de regreso a Coruña. Chegada a Madrid e conexión cara a Coruña, traslado en autocar ata Lugo.

As eucaristías celebraranse cada día nun lugar santo diferente.